



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C; C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

BASES PARA A SELECCIÓN DUN PEON EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL (75%) E UN ANIMADOR TURÍSTICO A XORNADA COMPLETA

1- OBXECTO.-

Visto o Convenio da Deputación de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para execución de obras servizos e creación de emprego o abeiro do programa Depuemprego

Contratación laboral temporal a xornada parcial, 75% da xornada, dun peón e un animador turístico a xornada completa, ambos postos serán por una duración de doce meses baixo a contratación de duración determinada.

En todo caso a duración será a 30 de outubro do 2017.

.A xornada será de 30 horas semanais de luns a venres para o peón do servizo de mantemento de infraestructuras e de 40 horas semanais para o animador turístico do servizo de turismo de luns a domingo . Non obstante, o Concello poderá poñer outro horario de mañá ou tarde segundo necesidades do servizo (persoas que haxa que atender e necesidades das mesmas). En casos debidamente xustificadas e tendo en conta as características do posto poderase cambiar o horario inicialmente fixado por necesidades do servizo.

En caso de vacante do posto por renuncia, baixa ou calquera outro motivo contratarase, por orde de puntuación, ó/a candidato/a que se presentara á convocatoria e que non resultase seleccionado/a. ----

O traballador prestará os seus servizos nos lugares que lles sexan asignados polos responsables de Concello.. -----

2.- POSTOS.-

Número: un peon a 75 % da Xornada (30 horas semanais).-----

Categoría: peon. -----

O posto irá destinado á prestación do servizo de mantemento de infraestructuras -----

Número : un animador turístico a 100% da xornada (40 horas semanais)-----

O posto irá destinado á prestación do servizo de turismo.-----

3.- REQUISITOS.-

Para ser admitidos neste proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes. -----

a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que se cumpran os requisitos da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa reguladora aplicable ós traballadores/as estranxeiros/as.-----

b) Ter capacidade para ser contratado conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo. -----

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida ou sexa compatible co normal desempeño das funcións correspondentes ás prazas obxecto da convocatoria.



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C; C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas por sentenza firme. -----

e) Estar en posesión do título de técnico en turismo para o caso do posto do animador turístico.

f) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

g) Estar en posesión de carnet de conducir B e dispoñibilidade de vehículo ou compromiso de posibilidade de desprazarse ao centro de traballo.-----

4.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Os/as interesados/as en formar parte deste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Folgoso do Courel.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, (LRXAP e PAC). As solicitudes que non se entreguen en rexistro distinto ao do Concello de Folgoso do Courel deberán adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias no caso de que se presenten na oficina de correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada, e adiantarase igualmente por fax.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada dos méritos alegados.
- Copia compulsada do título de técnico en turismo para o caso do posto de animador turístico.

5.- SELECCIÓN.-

Mediante concurso de méritos e segundo o disposto no apartado sexto das presentes bases entre os candidatos/as que presenten no Concello a súa solicitude para participar na convocatoria no prazo de tres (3) días hábiles desde a publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Para a valoración dos méritos e documentación presentada formarase unha Comisión de Valoración formada por un presidente, un secretario e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Estatuto Básico



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C: C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

do Empregado Público que serán nomeados por Resolución da Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello con suficiente antelación.

A devandita Comisión elevará acta coa valoración, asinada polos cinco membros da Comisión, á Sra. Alcaldesa, ós efectos de que proceda á contratación das persoas que obteña unha maior puntuación segundo a acta.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS TRABALLADORES/AS.-

A selección por concurso de méritos para animador turístico farase de conformidade cos seguintes criterios e puntuacións:

a) Estar en posesión de cursos formativos relacionados co turismo máximo de **1 punto** segundo o baremo seguinte:

- o Por cada curso de duración inferior a 6 horas lectivas: 0,10 pto/curso
- o Por cada curso de duración de 6 a 14 horas lectivas: 0.20 pto/curso
- o Por cada curso de duración de máis de 14 horas lectivas: 0.50 pto/curso

b) Por ter Título de Licenciado ou equivalente en Administración ou Dirección de Empresas ou ben Diplomado ou equivalente en empresariales **1 punto**. (aportarse copia do Título debidamente compulsado)

c) Experiencia profesional: Puntuarase ata un máximo de **1 punto**, consonte a seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública ou empresa privada (0.25 puntos/ano de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo.

d) Por ser maior de 45 anos : **0.20 puntos**

e) Persoas con discapacidade: **0.20 puntos**

f) Parados de longa duración: **0.30 puntos**

g) Persoas vítimas de violencia de xenero: **0.30 puntos**

- Entrevista Persoal sobre coñecementos turísticos, paisaxísticos e recursos turísticos para o Concello de Folgoso do Courel máximo ata **2 puntos**.

A selección do posto de peón farase de conformidade cos seguintes criterios e puntuacións:



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C: C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

a)Experiencia en tarefas relacionadas co posto (peon forestal, peon de obras, etc..) **1 punto.**

b) Por estar en posesión do carnet de conducir C **1 punto.**

c) Cursos relacionados con emerxencias ata un máximo de **1 punto.**

- o Por cada curso de duración inferior a 21horas lectivas: 0,10 pto/curso
- o Por cada curso de duración de 21- 41 horas lectivas: 0.20 pto/curso

d)Por ser maior de 45 anos: **0.20 puntos**

e)Persoas con discapacidade: **0.20 puntos**

f)Parados de longa duración: **0.30 puntos**

g)Persoas victimas de violencia de xenero : **0.30puntos**

Entrevista persoal sobre coñecemento do Concello, e tarefas do posto a seleccionar máximo ata **2 puntos.**

Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados, que se presenten fora do prazo establecido nas presentes bases ou os que non se acrediten con documentación orixinal ou fotocopias debidamente autenticadas.-----

7.- RETRIBUCIÓN.-

As retribucións brutas mensuais ascenderán ó importe de novecentos euros (900€) para o peón e (1100€) mil cen euros para o posto de animador turístico ambos postos coas prorratas das pagas extraordinarias incluídas.-----

8.- CONTRATACIÓN.-

A resolución pola que se establezan os candidatos/as seleccionados/as segundo a puntuación dos méritos que se efectúe publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello. -----

Ós traballador/ha seleccionado/a para o posto de peón o faráselle un contrato laboral temporal por substitución a xornada parcial de 30 horas semanais durante a duración de 12 meses, en todo caso a contratación rematará a 30 de outubro de 2017, para o posto de animador turístico faráselle un contrato temporal a xornada completa por 12 meses, en todo caso a contratación rematará a 30 de outubro de 2017-----

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán de presentar nas oficinas do Concello, para os efectos de formaliza-lo correspondente contrato a documentación que de seguido se indica en orixinal ou fotocopia debidamente autenticada:-----

- Documento Nacional de Identidade e cartilla da seguridade social. -----

- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello e de cumprir tódolos requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral. -----



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C; C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.

Caso de que a persoa seleccionada non presente a documentación no devandito prazo ou non se formalizara o contrato por causas imputables a ela, contratarase a algún dos restantes candidatos por orde de puntuación. -----

9.- PERÍODO DE PROBA.-

Establécese un período de proba de quince (15) días dende a data de inicio da contratación.

10.- INCIDENCIAS.-

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo a que se refire as presentes bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos, termos e formas previstas na Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e Lei 7/1985 do 02 de abril reguladora das bases de réxime local. ----

Contra a Resolución da Alcaldesa que aproba a convocatoria e bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á aprobación das presentes bases, ou directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte á a aprobación das presentes bases ou ó da recepción da notificación da resolución do recurso administrativo de reposición, se é expresa, ou seis meses a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. -----

Se se interpón recurso de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente aquel ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso. ----

Tamén poderase interpor calquera outro recurso ou acción que se estime procedente. -----

11.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía no que se probe a relación provisional de admitidos e excluídos.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

2. - Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de a Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusados de acordo co artigo 29 da mencionada Lei.

3. - Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e a do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C: C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

O Presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-Presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

Folgoso do Caurel 10 de outubro do 2016 -----

A Alcaldesa

Asdo.: Dolores Castro Ochoa -----



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C; C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D./D^a., maior de idade,
con DNI e con domicilio a efectos de notificacións en
..... e número de teléfono
.....

EXPOÑO

Que sendo coñecedor da convocatoria e bases aprobadas por Decreto da Sra. Alcaldesa-Presidenta de Folgoso do Courel do 8 de maio de 2014 para a selección dun/ha auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal laboral temporal por substitución de baixa maternal e a xornada parcial (75%), de duración trinta horas semanais, que declaro coñecer e aceptar na súa integridade

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 5.- Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1 e dispor dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

SOLICITA:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria.

Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos establecidos nas bases aprobadas nun total de follas (en letra e número e sen incluír esta).

En, a de de 20.....

Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. Nº 01270174; C.I.F. Nº P-2701700-C: C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina.Web: <http://www.folgosodocourel.es>

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 10 DE OUTUBRO DO 2016

Visto o Convenio da Deputación de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para execución de obras servizos e creación de emprego o abeiro do programa Depuemprego para contratación laboral temporal a xornada parcial, 75% da xornada, dun peón e un animador turístico a xornada completa, ambos postos serán por una duración de doce meses baixo a contratación de duración determinada.

Visto que é urxente a súa contratación que é antes 30 de outubro de 2016.

RESOLVO:

1.-Convocar proceso selectivo para a contratación de un peon con xornada de 30 horas semanais de luns a venres para o peón do servizo de mantemento de infraestructuas e de 40 horas semanais para o animador turístico do servizo de turismo de luns a domingo . Non obstante, o Concello poderá poñer outro horario de mañá ou tarde segundo necesidades do servizo (persoas que haxa que atender e necesidades das mesmas). En casos debidamente xustificados e tendo en conta as características do posto poderase cambiar o horario inicialmente fixado por necesidades do servizo.

2.-Aproba-las bases que se unen como anexo ó presente Decreto para os efectos de facer una selección en base aos criterios nelas establecidos.

3.- Publicar a presente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para os efectos de Publicidade.

Folgoso do Courel a 10 de outubro do 2016.

A Alcaldesa.

Ante min
A Secretaria

Asdo.: Dolores Castro Ochoa.

Asdo.: Ana Barreiro Gomez.